



Pautas para a estimulación da linguaxe oral

Dende a aula de Audición e Linguaxe envíolles unhas orientacións para a estimulación da linguaxe en Educación Infantil dende o ambiente familiar durante o verán.

A continuación preséntolles unha serie de pautas para a estimulación da linguaxe dos vosos fillos:

- ✓ Fálénlle amodo e de maneira clara.
- ✓ Fálénlle correctamente e non imite a súa maneira de falar
- ✓ Dádelle tempo para que responda as súas preguntas, cada cal ten o seu ritmo da fala.
- ✓ Pregúntelle a miúdo polos seus xogos... e escoite as súas explicacións.
- ✓ Miren con el contos e revistas e que diga o nome dos obxectos que aparecen nas imaxes.
- ✓ Conténlle contos facéndolle participe, pedíndolle axuda nalgún momento e facendo preguntas.
- ✓ Fáganlle preguntas sobre as cousas que ocorren na súa vida cotiá, para que desenvolva a capacidade de atención.
- ✓ Ensínenlle cancións, adiviñas...
- ✓ Vexa con el un programa de TV e pregúntelle por el, sobre os personaxes, como se chaman, que facían...
- ✓ Xogar o “vexo vexo”(nomeándolle características do obxecto), o quen e quen...
- ✓ Xogar a contar as letras ou as sílabas dunha palabra, as palabras dunha frase...
- ✓ Inventar oracións con palabras dadas (imaxe de revistas, story cubs, xoguetes...) inventar oracións con tantas palabras como número saia no dado, dicir palabras dun campo semántico.
- ✓ Recrear contos, facer as personaxes con material reciclable, debuxos e recrear contos que lle gusten o neno.
- ✓ Xogar coa nena/o a imitar sons do entorno, de animais ou persoas, ensínenlle de onde proceden e anímeno a imitalos
- ✓ Xoguen co seu fillo a facer movementos cos beizos, como facer morriños, dar bicos, facer “pedorretas”; coa lingua lambar os beizos, sacar a lingua fora da boca, subila ata o nariz (é importante fortalecer os músculos que interveñen na fala
- ✓ O neno/a pode xogar a soprar muíños de vento, facer burbullas de xabón, soprar chifres, inflar globos.... (o sopro xoga un papel importante na fala)

Bo Verán!

A Mestra de Audición e Linguaxe